



# MONTERREI

Número 28

Boletín de información e actualidade municipal

Inverno 2018

[www.monterrei.es](http://www.monterrei.es)

## Actuacións no Castelo



Diversas actuacións contribúen á posta en valor do Castelo: a mellora dos accesos, a sinalización, o uso do albergue para promocionar os produtos locais e as visitas teatralizadas, que acadaron un notable éxito.

## Protección Civil



Protección Civil de Cualedro-Monterrei recibiu da Xunta de Galicia novo material (un renolque e un esparcedor de sal) para facer máis operativas as actuacións en caso de emerxencias e durante as xeadas.

## Iniciativas de emprego



O Concello de Monterrei participa en dous novos obradoiros de emprego, que facilitan formación e traballo a máis de 40 persoas (35 alumnos/as e persoal docente). En San Cristobro constrúen un local social.

Reunión de traballo de José Luis Suárez e Manuel Baltar na Deputación



**Deputación e Concello colaboran na mellora de servizos públicos e infraestruturas locais**



Visita da conselleira de Medio Ambiente ás obras da rúa Requeixo de Vilaza

**A Xunta de Galicia financiou obras en espazos comunitarios e na rede viaria**

- ◆ O presidente da Xunta presidiu os actos do 50º aniversario do Parador.
- ◆ Notable incremento de horas prestadas no Servizo de Axuda no Fogar.
- ◆ Medio Rural financiou traballos de reforestación en zonas queimadas.
- ◆ A Festa dos Maiores reuniu a máis de 500 persoas de todo o municipio.
- ◆ A Carreira Popular de Monterrei, entre as máis importantes da provincia.

# As Administracións públicas, unidas contra os incendios

A prolongada seca contribuíu a que 2017 fose un mal ano para o monte galego, asociándose, como efectos negativos, a diminución da produción de forraxes e os incendios forestais. Unha preocupante situación da que non foi alleo o concello de Monterrei. Pero, tanto a Xunta de Galicia como a Deputación Provincial de Ourense e a Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín, na que se constituíu a Mesa do Lume, actuaron con dilixencia e artellaron as primeiras medidas para paliar os danos que provocaron nas economías de labregos e gandeiros e no medio ambiente, en xeral.

Por parte da Administración autonómica, que preside Alberto Núñez Feijóo, o Consello da Xunta acordou o pasado 26 de outubro habilitar 21 millóns de euros para axudar aos perxudicados polos lumes. Técnicos de Medio Rural xa se desprazaron ata as zonas afectadas para coñecer de primeira man o problema e informar destas medidas ás persoas perxudicadas.

A dilixencia por parte da Deputación tamén merece un comentario, xa que no pleno o 27 de outubro, o organismo que preside José Manuel Baltar aprobou por unanimidade a constitución dunha Comisión especial informativa e perma-



Pleno da Deputación de Ourense, no que se gardou un minuto de silencio contra a vaga de incendios forestais. Na imaxe inferior, reunión do Consello da Xunta, presidido por Alberto Núñez Feijóo, no que se acordaron medidas urxentes para cubrir os danos ocasionados polos lumes do verán e outono pasados.

nente de "Incendios Forestais e Emerxencias", na que están representados tódolos grupos políticos en proporción idéntica ás xa existentes, que terá como atribucións debater sobre protocolos para a defensa do noso territorio; a participación, se así se require, en calidade expertos, de representantes do goberno autonómico, do Goberno central ou calquera persoa ou entidade vinculada ao sector, para coordinar información e plans de actuación; propoñer a modificación das normativas que actualicen a lexislación para responder ás necesidades da provincia, e outras cuestións que merezan o pronunciamento da comisión, ben directamente ou para a súa proposta en pleno, no ámbito dos incendios forestais e das emerxencias.

Cabe agardar que estas medidas se poñan en marcha o antes posible e que sirvan para previr no futuro sucesos como os vividos nestes últimos meses e que inciden negativamente no noso medio ambiente natural. ■



## Aumenta a consignación orzamentaria para potenciar os servizos básicos

En 2018, o Concello de Monterrei contará cun orzamento de 1,97 millóns de euros. Entre as partidas de gastos máis importantes destacan as de Bens Correntes e Servizos, onde aparecen consignados, entre outros, os custes dos Servizos Sociais, e as de transferencias correntes, personal e investimentos reais. Outro aspecto importante é o equilibrio orzamentario, que fai de Monterrei un Concello sen débedas, como queda reflectido no capítulo de "pasivos financeiros".

En canto aos ingresos municipais, como en anos anteriores, os capítulos de impostos directos, transferencias correntes e as taxas e prezos públicos representan máis do 98 por cento do total.

<b>GASTOS</b>	2018	<b>INGRESOS</b>	2018
Gastos de persoal	913.725,15	Impostos directos	415.500,00
Bens correntes e servizos	689.075,62	Impostos indirectos	0,00
Gastos financeiros	1.000,00	Taxas e outros ingresos	224.800,00
Transferencias correntes	238.920,00	Transferencias correntes	1.256.535,77
Investimentos reais	136.686,99	Ingresos patrimoniais	160,00
Transferencias de capital	0,00	Alleamento de investimentos	0,00
Activos financeiros	0,00	Transferencias de capital	82.411,99
Pasivos financeiros	0,00	Activos/pasivos financeiros	0,00
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>1.979.407,76</b>	<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>1.979.407,76</b>



## Núñez Feijóo presidiu os actos do 50º aniversario do Parador de Turismo

O presidente da Xunta destacou nos actos conmemorativos do 50º aniversario a consolidación do Parador, que coa Fortaleza de

Monterrei como reclamo turístico, patrimonial e cultural, se sitúa dentro da Rede de Paradores de Históricos.

**D**urante o acto conmemorativo do 50 aniversario do Parador Nacional, Alberto Núñez Feijóo avogou por converter o turismo tranquilo no sinal de identidade que mostre ao mundo a riqueza cultural e paisaxística de Galicia. Nesta liña, referiuse a Verín-Monterrei como un exemplo dese modelo de turismo, que recolle a tradición xacobeá, configurándose como un cruzamento de camiños ao acoller a ruta portuguesa e unha das variantes da Vía da Prata, e onde os visitantes poden optar polo turismo de saúde, disfrutando das augas termais que fan famosa Ourense en toda Europa. Non en van, nesta zona está a maior concentración de augas mineromedicinais de Galicia.

E destacou o máxico triángulo dos entroidos que forman a nosa comarca con Laza e Xinzo, así como o patrimonio paisaxístico e cultural, reflectido no Castelo de Monterrei.

Ao longo do acto, o presidente galego afirmou que todos estes ingredientes dan como resultado un destino



*O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, co alcalde de Monterrei, José Luis Suárez, o senador Juan Manuel Jiménez e a presidenta de Paradores, María Ángeles Alarcó.*

ideal para ese turismo tranquilo sustentable, que fuxe da estacionalidade e que xenera emprego de calidade.

Feijóo lembrou que este é un dos obxectivos da Estratexia do turismo de Galicia 2020 que, dotada con 240 millóns de euros, aspira a incrementar o número de turistas e a ocupación hoteleira; o auxe do turismo estranxei-

ro, ata representar un terzo do total; e elevar o grao de ocupación media no turismo rural.

O titular da Xunta concluíu destacando a consolidación do noso Parador, que coa Fortaleza de Monterrei como reclamo turístico, patrimonial e cultural, se sitúa dentro da Rede de Paradores de Históricos. ■

## **Novos proxectos municipais**

# A reforma da rede viaria e dos servizos públicos, claves nos planes de obras do Concello

Os planos de obras do Concello en 2017 tiveron como obxectivo avanzar na dotación de novas infraestruturas e de mellorar as existentes. Houbo actuacións para renovar as capas de rodadura en estradas, pistas e camiños, pero tamén en infraestruturas hidráulicas e na iluminación pública. Ao mesmo tempo, xa se poden avanzar algunhas obras importantes en 2018.

### **Mellora das redes hidráulicas en Vilaza e Mixós**

Un convenio con Augas de Galicia permitiu levar a cabo a mellora do sistema de bombeo das augas residuais en Vilaza, no lugar do Placer, cun investimento de Augas de Galicia por importe de 58.150 euros. Este colector é o que recolle as augas de Vilaza, Albarellos, Infesta e Guimarei. Tamén en Mixós se realizaron obras para subsanar deficiencias no abastecemento de auga por importe de 6.050 euros.

### **A brigada de Obras da Deputación traballou na mellora da rede viaria**

A Deputación levou a cabo, en colaboración co concello de Monterrei, a mellora de varias estradas, pistas e camiños en Estevesiños, Medeiros, Vences e A Pousa. Estes traballos continuarán en Albarellos, Vilaza, Infesta e outros pobos.

### **Actuación nos servizos básicos das rúas Leiras e Torreón de Medeiros**

A través dun Plan Provincial de Obras, dotado con 75.000 euros, a Deputación e o Concello participarán na reforma dos servizos básicos da rúa Leiras de Medeiros, sobre todo na renovación do abastecemento e da rede de sumidoiros. Este vial configura boa parte da vida social do pobo, a carón da farmacia, do bar e do supermercado.

Na rúa Torreón, o Concello de Monterrei executará as obras de mellora do abastecemento, saneamento e recollida da augas pluviais.




*A conselleira Beatriz Mato visitou as obras de Vilaza, na compañía do alcalde, representantes da Xunta e dos técnicos.*



### **A Xunta de Galicia financiou as obras da praza e da rúa Requeixo de Vilaza**

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio colaborou co Concello de Monterrei para acometer as obras de mellora da praza e da rúa Requeixo de Vilaza. Este proxecto, dotado con 174.598 euros, enmárcase no Plan hUrbe, co que se pretende humanizar, mellorar e recuperar espazos públicos.

No caso de Vilaza, o obxectivo xeral da actuación era adecuar a rúa Requeixo e a praza para o paso de peóns, minimizando o risco que supón o tráfico que soporta. Ao longo de varias semanas acometéronse traballos para a instalación de beirarrúas en ambas marxes da rúa Albarellos. Tamén se procedeu á instalación de nova tubaxe para as rede de saneamento e abastecemento.



## **Construción dunha área recreativa na Rede Natura de A Pousa**

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, construíu unha área recreativa en A Pousa. Trátase dunha actuación ao abeiro da Rede Natural, financiada con 25.000 euros, con fondos europeos FEDER e FEADER, dirixidas á conservación do noso patrimonio paisaxístico. Esta zona está agora delimitada por barandas de madeira e conta cun panel informativo sobre as características medioambientais do lugar.



*A Pousa*



*Vilaza*

## **Obras na estrada provincial da Deputación en Vilaza**

A Deputación Provincial de Ourense levou a cabo a construción dunha beirarrúa na intersección das estradas OU-12 e OU-14 para mellorar a seguridade vial nesta zona. Trátase dunha obra que ven complementar a actuación realizada pola Consellería de Medio Ambiente co Plan hUrbe.

## **Mellora da eficiencia enerxética na iluminación pública en Vences**

O Concello de Monterrei xestionou a reforma da iluminación pública de Vences, continuando co programa de mellora da eficiencia enerxética nos distintos pobos. Consiste, basicamente, na substitución das luminarias e dos soportes por outros de tipo LED, de baixo consumo. O investimento foi de 59.536 euros. Infesta e Albarellos tamén se benefician do plan de mellora da eficiencia enerxética.



*Vences*



*Vilaza*

## **Novos proxectos para reformar infraestruturas básicas nos pobos**

O Concello de Monterrei ten previsto executar en 2018 as obras de mellora dos accesos á rúa da Igrexa de Vilaza, cun investimento de 30.262 euros. Outra actuación pendente e que ten consignación orzamentaria (39.186 euros) é a primeira fase da reforma da rúa Central de Albarellos. Tamén se realizarán obras de mellora en estradas, pistas e camiños de diferentes pobos, co apoio da Deputación Provincial de Ourense e do Plan MARCO, xestionado pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, que investirá outros 65.800 euros.

*De arriba cara abaixo: obras da Deputación na travesía de Vilaza, a nova área recreativa de A Pousa, as novas luminarias do alumeadado público en Vences, zona adecentada pola brigada municipal de Obras no Centro de Saúde de Vilaza e asfaltados da Deputación en Vences.*



*Vences*

## **Rehabilitación do palco da música na Alameda de Vilaza**

Unha subvención do Plan LEADER, financiado con fondos da Unión Europea, permitiu acondicionar o palco da música na Alameda de Vilaza. Esta actuación tivo un custe de 9.498 euros.

## Xunta, Deputación e Concello colaboran para potenciar o Castelo como centro turístico de referencia

A fortaleza de Monterrei, un recinto medieval único en Galicia, está a merecer unha atención importante por parte da Xunta de Galicia, Deputación de Ourense e o propio Concello. A finais de 2017 comezaron as obras

de mellora dos accesos, nas que a Consellería de Infraestruturas está a investir 178.000 euros. A Administración autonómica tamén investiu outros 39.000 euros para actualizar e modernizar a sinalización turística.

Ademais da renovación da capa de rodadura no acceso principal e da sinalización turística, o Concello de Monterrei e Turismo de Galicia asinaron un convenio para levar a cabo visitas teatralizadas durante varias xornadas de decembro pasado, e visitas guiadas ás 12:30 e 16:30 horas, de mércores a domingo. Tamén se reforzou o horario de visitas durante o verán, do 15 de xuño ata o 15 de setembro.

Outra iniciativa, na que colaboran a Xunta de Galicia, a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Monterrei, permite realizar traballos de conservación do recinto histórico, cunha brigada de 9 persoas, que comezará as tarefas de limpeza e acondicionamento a partir do mes de marzo. Este convenio anual, dotado con 80.000 euros, inclúe as obras que se realizaron no albergue de peregrinos para acoller unha exposición permanente dos produtos de Monterrei e da súa comarca.



*O presidente da Deputación visitou o recinto fortificado na compañía do alcalde e varios membros da Corporación local, ademais de outras autoridades da comarca.*

O albergue de peregrinos acolle a partir de febreiro o centro de exposición de produtos da comarca, unha vez completadas as obras de reforma destas instalacións, no antigo Hospital da Trindade. O novo establecemento amosará e venderá os produtos do campo, sobre todo relacionados coa produción vitivinícola e a horta comarcal, sempre coa supervisión técnica do Concello de Monterrei.



### Visitas teatralizadas

O Castelo de Monterrei acolleu durante o mes de decembro visitas teatralizadas gratuitas. Primeiro foron para o público infantil (días 5, 11 e 12) e despois para maiores de 13 anos (días 23, 29 e 30). A peregrinación a Santiago, os Conventos de Monterrei, a guerra con Portugal no século XVIII, a construción da Atalaia, os xudeos en Monterrei e a igrexa de



Santa María de Gracia foron algúns dos temas que se fixeron visibles durante o percorrido. Ademais, para o público infantil estableceuse un xogo de pistas. O alcalde, José Luis Suárez, e a concelleira Marina Salgado participaron na presentación xunto a responsables da Cooperativa Xeitura, encargada da posta en escea.



Obradoiro de Emprego "Támega IV"

*Os alcaldes de Monterrei, Laza, Vilardevós, Oímbra, Cualedro e Castrelo do Val, cos alumnos/as e o persoal directivo, docente e administrativo que participa no Obradoiro de Emprego "Támega IV", na presentación do proxecto formativo.*

Realizan traballos en espazos públicos do municipio

## Monterrei colabora na formación teórica e práctica de 35 persoas a través de dous Obradoiros da Mancomunidade



Presentación en Albarellos

Os traballos de roza, acondicionamento e limpeza en espazos públicos e áreas recreativas, e a continuación das obras no edificio adquirido en San Cristobo para centro social e veciñal son algunhas das actuacións previstas no concello de Monterrei polo Obradoiro de Emprego "Támega IV", que se desenvolve durante nove meses (de setembro de 2017 ata xuño de 2018), nos municipios de Laza, Vilardevós, Oímbra, Cualedro, Monterrei e Castrelo do Val. Trátase dun novo proceso formativo para 20 traballadores desempregados, que desenvolven unha especialización teórica e práctica nas modalidades de canteira, medio ambiente e axuda no fogar. No seu financiamento (conta cun orzamento de 279.959 euros) participan a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Economía, Emprego e Industria, e o Fondo Social Europeo, mentres que os Concellos participantes aportan os materiais de obra

empregados nos distintos proxectos.

Este programa ofrece aos alumnos e alumnas a posibilidade de acceder a un posto de traballo, ao tempo de recibir formación de informática e charlas sobre seguridade e hixiene no traballo, cooperativismo, inserción laboral, sensibilización medioambiental e igualdade de xénero.

A promoción laboral segue a ser outro obxectivo importante do Concello de Monterrei, a través dos distintos Obradoiros de Emprego nos que ten participado nos últimos anos, e tamén coas contratacións de persoal para cubrir servizos específicos en colaboración coa Deputación Provincial de Ourense e a Xunta de Galicia. A través de diversos convenios, o Concello contou con personal especializado para atender as piscinas municipais, atender servizos de interese público e constituir unha brigada de obras e mantemento durante varios meses. ■

Monterrei participa tamén nun Obradoiro Xuvenil da Mancomunidade de Verín. Éste é un programa formativo de 6 meses no que 15 mozos e mozas teñen a oportunidade de aprender unha profesión e de adquirir experiencia laboral. As modalidades ofertadas teñen que ver coas novas tecnoloxías da información e da comunicación e coa dinamización infantil e xuvenil.



Obradoiro xuvenil

## A reforma da Casa do Concello contempla a instalación dun ascensor

A reforma da Casa Consistorial de Monterrei, construída na década dos 80 do pasado século, é, neste intre, un dos obxectivos da Corporación Municipal. O alcalde, José Luis Suárez, xa realizou xestións coa Xunta de Galicia e a Deputación Provincial de Ourense para conseguir o financiamento que permita



levar a cabo o proxecto, valorado en 300.000 euros. A intención do Goberno local é aportar 100.000 euros de fondos propios, e que tanto a Xunta como a Deputación consignen nos seus orzamentos outra cantidade igual. O proxecto contempla mellorar a eficiencia enerxética, redistribuír a superficie útil e instalar un ascensor para eliminar as barreiras arquitectónicas. Este foi un dos asuntos que José Luis Suárez abordou en Santiago co vicepresidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda (na imaxe). ■

## Un remolque de emerxencias para a Agrupación de Protección Civil

Este equipamento forma parte dun plan de mellora dos medios materiais de Protección Civil e permitirá mellorar a eficacia das actuacións na prevención de riscos e nas intervencións en emerxencias.



José Luis Suárez, xunto a Luis Menor, director xeral de Emerxencias da Xunta, e de Luciano Rivero, durante o acto de entrega do novo material de Protección Civil á Agrupación de Cualedro-Monterrei.



A Agrupación de Protección Civil de Cualedro-Monterrei recibiu do director xeral de Emerxencias e Interior, Luis Menor, un remolque con equipamento de emerxencias para actuar en accidentes ou situacións de perigo. Os dous alcaldes, José Luis Suárez e Luciano Rivero, acudiron a Santiago para facerse cargo do novo vehículo, adxudicado grazas ás axudas da orde en réxime de concorrencia competitiva, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo FEDER-Galicia 2014-2020.

## Solidarios por natureza ● ● ● ● ●

A Agrupación de Protección Civil de Cualedro-Monterrei desenvolve un importante labor para mellorar as condicións de seguridade en eventos populares (festas, romarías, competicións deportivas, andainas, etc), e tamén en situacións de emerxencia provocadas por accidentes de tráfico ou adversas condicións meteorolóxicas. Outra actuación destacable foi a colaboración coa Fundación Amigos de Galicia na recollida de tapóns de plástico para axudar a nena Valeria de Dios, afectada por unha enfermidade rara, e á súa familia no tratamento de sesións fisioterapia, logopedia e terapia ocupacional. ■





*José Luis Suárez Martínez,*  
alcalde:

“Sempre estamos cerca dos nosos cidadáns, solucionando os seus problemas e tratando de mellorar no que xa temos”

*- En aparencia, o 2017 foi un ano con bastantes iniciativas municipais. Está satisfeito dos resultados?*

**José Luis.-** A dinámica da vida municipal obríganos a traballar a diario para satisfacer as demandas dos cidadáns e para levar a cabo aquelas actuacións que consideramos que son necesarias para mellorar os servizos e as infraestruturas públicas que contribúen a mellorar a calidade da vida das persoas. O último ano non foi unha excepción e xa podemos ver cómo se fixeron realidade moitos deses obxectivos.

*- Qué destacaría como logros máis importantes neste período?*

**José Luis.-** Se nos referimos ás infraestruturas básicas, temos varias pavimentacións en accesos aos pobos e acondicionamento de espazos públicos e de lecer, con obras destacadas que contribúen a mellorar a estética e a seguridade vial. Tamén se realizaron actuacións para mellorar o alumbeado público e para subsanar deficiencias na traída de auga, con novas captacións en Mixós e Guimarei, nun ano especialmente seco.

*- Semella que o Castelo merece unha atención preferente, a tenor das novas actuacións que se están levando a cabo...*

**José Luis.-** Está claro que o Castelo é un privilexio para Monterrei e así o entenden tamén os historiadores e arqueólogos, a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial de Ourense. Ademais, co novo Parador de Turismo, a fortaleza exerce cada vez máis o seu carácter emblemático da comarca, que se reflicte nun cada vez maior número de visitantes. O que debemos facer é aproveitar esa inercia positiva e volcarnos para o siga sendo no futuro, como elemento dinamizador da cultura, da economía e do emprego de Monterrei e de toda a comarca. A mellora da sinalización e dos accesos é importante, pero tamén dotar de contidos ás visitas que recibe durante todo o ano. Estamos no bo camiño, pero hai que seguir traballando.

*- Outro aspecto que chama a atención é o incremento no número de horas do Servizo de Axuda no Fogar. Continuará na mesma liña?*

**José Luis.-** Este é un aspecto positivo, o da atención a máis xente, pero consecuencia do avellentamento da poboación no rural. A nosa obriga é dar resposta á demanda das persoas que requiren axuda dos Servizos Sociais para seguir vivindo nos seus fogares. É certo que se incrementou o número de horas de aten-



*“É unha gran satisfacción comprobar que hai xente emprendedora e con iniciativas no municipio e desde o Concello estamos sempre en disposición de prestarlles toda a axuda que poidamos”.*

ción, sobre todo na modalidade de dependencia, e a intención que temos é continuar potenciando no futuro un servizo que a día de hoxe é estratéxico para o Concello de Monterrei e a propia Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín.

*- Cómo valora a entrada en servizo da casa niño de San Cristobo?*

**José Luis.-** É un servizo máis do que carecíamos e paréceme útil para a súa promotora e para as familias dos nenos e nenas que se benefician en San Cristobo e nos pobos próximos, facilitando a conciliación da vida laboral e familiar. Ademais, hai outra iniciativa de casa niño en Albarellos que agardo se convirta en realidade o antes posible. É unha satisfacción comprobar que hai xente emprendedora e con iniciativas no municipio e desde o Concello estamos sempre en disposición de prestarlles toda a axuda que poidamos.

*- Por último, qué agarda deste 2018?*

**José Luis.-** Penso que debe ser importante e que nos próximos meses irán concretándose novos proxectos que estamos xestionando ou que xa están aprobados e contan coa correspondente consignación orzamentaria. A renovación de varias estradas e a reforma da Casa do Concello son dous dos proxectos importantes, pero tamén se acometerán obras en infraestruturas dos diferentes pobos e continuarán os traballos e proxectos en torno ao Castelo e a fortaleza. Ademais, temos en marcha dous novos obradoiros de emprego que supoñen unha oportunidade de formación e traballo para máis de 40 persoas, o que implica unha preocupación por parte do Concello de Monterrei e da Mancomunidade de Municipios de favorecer oportunidades laborais.

## O Concello promove varias liñas de axudas para persoas e familias con necesidades

Os programas de carácter social axudan a cubrir as necesidades de persoas e familias que sofren algún tipo de carencia, discriminación ou desatenção, para posibilitar a mellora da calidade de vida, e supoñen un importante esforzo económico por parte do Concello de Monterrei, reflectido no capítulo 2 de gastos (Bens Correntes e Servizos).

O departamento de Servizos Sociais da Mancomunidade da Comarca de Monterrei encárgase de informar, orientar e asesorar sobre os dereitos e recursos sociais existentes para solventar as necesidades dos veciños/as do Concello. Tamén se encarga da tramitación de subvencións e da posta en marcha de programas e a realización de proxectos.



O Concello habilitou partidas orzamentarias para sufragar o programa de Axuda no Fogar, tanto na modalidade de prestación básica como en dependencia. De feito, o número de horas anuais aumentou ata as 24.000 na modalidade de dependencia, e tamén se incrementou o número de traballadoras, con dúas novas contratacións.

## Conciliación da vida laboral e familiar



Sonia Rodríguez,  
na casa niño de  
San Cristobo

### Sonia Rodríguez Gómez: "A casa niño é un recurso que teñen as nais e pais para seguir traballando"

Desde febreiro de 2017, a Casa Niño de San Cristobo acolle a nenos e nenas de 3 meses a 3 anos, atendidos pola súa promotora, Sonia Rodríguez Gómez..

**P.-** Cómo xurdiu a idea de crear esta gardería infantil?

**Sonia.-** A Xunta promoveu este tipo de escolas infantís en poboacións do rural galego e pareceume boa idea crear unha en San Cristobo. O proxecto conta con subvencións dos fondos europeos e a súa vixencia, en principio, é ata o 31 de decembro de 2019.

**P.-** Cal é o horario de atención aos nenos?

**Sonia.-** De 8:00 da mañá ata as 16:00, de luns a venres.

**P.-** De qué xeito distribúe o seu tempo de traballo?

**Sonia.-** Básicamente, doulles as comidas e estou con eles aprendéndolles a xogar e pendentes dos que están durmindo. Polas mañás, o normal é que veñan despois de almorzar na casa, pero non é obrigatorio. A mediodía, doulles a comida e durmen a siesta. Tamén facemos xogos, algunhas manualidades etc.

**P.-** Cantos pequenos hai na Casa Niño ?

**Sonia.-** Neste intre hai 3 pero pode haber ata 5, que é o máximo legal por cada coidadora. O mínimo son 2.

**P.-** Cómo valora esta iniciativa?

**Sonia.-** Moi útil, porque é un recurso que teñen os pais e nais para poder seguir traballando ou para conciliar a súa vida laboral e familiar. Para min é unha satisfacción porque podo traballar a gusto coas miñas ideas, co que estudei e a experiencia que teño de anteriores traballos en ludotecas. E tamén por traballar no meu pobo e axudar a familias e veciños que o necesitan.



*O alcalde, José Luis Suárez, acompañou á conselleira de Medio Rural e o director xeral de Montes na visita a Monterrei para supervisar os traballos.*

## Goberno Central e Xunta colaboraron na rexeneración forestal do monte queimado

A Xunta e o Goberno Central destinaron arredor de 550.000 euros aos traballos de recuperación de zonas afectadas polos incendios forestais na nosa comarca. As accións realizadas tiveron que ver coa restauración forestal e medioambiental destas áreas. Así, en Monterrei xa se levou a cabo o tratamento da vexetación, traballos de control da erosión e de mellora e reposición de infraestruturas danadas. En total, a intervención afectou a máis de 71 hectáreas de terreo, a través da curta e picado de restos queimados non madeirables a man ou de xeito mecanizado. No que atinxe ao control da erosión, aplicouse mulching (acolchado de palla) sobre o solo nunhas 9 hectáreas e actuouse colocando tamén valados de pedra ou vexetais (con estacas e polas) en arredor de 300 metros lineais, especialmente en zonas de profundo desnivel. ■

## Manuel Baltar visitou os enclaves históricos nas ribeiras do Búbal

O presidente da Deputación de Ourense, Manuel Baltar, acompañado, entre outros, polo alcalde de Monterrei, José Luis Suárez, percorreu os enclaves históricos das ribeiras do río Búbal, que calificou como "un destacado conxunto monumental do patrimonio histórico de Monterrei cun importante potencial turístico".

A visita incluíu o antigo balneario e embotelladora de augas de Vilaza, fundado a finais do século XIX como hotel balneario, e, posteriormente, visitaron o lagar rupestre da Carreira Branca, situado nas proximidades de Medeiros, e o castro do Muro da Cidá, un sistema defensivo de extraordinaria monumentalidade, no que destaca tamén o importante número de lagares rupestres que o abeiran. ■



## Monterrei, entre os concellos da comarca nos que se creou emprego

O Observatorio Económico Ourenán reflicte que as comarcas de Verín e Viana teñen 8 dos 53 concellos que xeneran emprego, destacando entre eles o de Monterrei, segundo o informe presentado polo presidente da Deputación, Manuel Baltar. Así, na comarca de Verín cinco concellos foron xeradores de emprego en 2016, e tres non conseguiron recuperar afiliacións. Ademais de Verín (0,7%), medrou o mercado laboral en Castrelo do Val (6,7%), Oímbra (4,2%), Cualedro (1,2%) e Monterrei (0,3%). E houbo baixada de afiliacións en Laza, Vilardevós e Riós. O ano 2017 pechou con 6.533 afiliados á Seguridade Social e a previsión para 2018 é consolidar ese crecemento.



## O Concello organizará en A Salgueira unha homenaxe en lembranza de Ernesto Atanes

O Concello de Monterrei fíxose eco de moitas voces que reclaman unha homenaxe para Ernesto Atanes Payo, cofundador da adega Crego e Monaguillo de A Salgueira, unha das industrias vitivinícolas de referencia da Denominación de Orixe Monterrei. "Enorme perda dun home que deixou unha impronta en todos os que o coñeceron" -en palabras do alcalde, José Luis Suárez Martínez-, quen destacou o seu carácter e vontade para solucionar problemas e axudar a cantas persoas así llo solicitaron". Tamén é partidario de realizar nos próximos meses unha homenaxe popular a un home que traballou por esta terra e pola súa xente. O escritor verinés Xosé Carlos Caneiro referiuse a Ernesto, o crego, como "un dos





mellores: eses que permanecerán mil vidas. Un ser humano xeneroso e bondadoso, pleno de virtudes e corazón grande". Centos de persoas asistiron aos actos fúnebres celebrados na igrexa parroquial de Flariz.

O Concello iniciará en breve os trámites para o recoñecemento de Ernesto como "fillo predilecto" e para darlle o seu nome a unha praza de A Salgueira na que se instalará unha obra escultórica de Rivada, actos previstos de cara ao próximo verán.

Na imaxe, Ernesto xunto a José Luis Suárez, Alberto Núñez e o seu sobriño Tito, na festa de ampliación de Crego e Monaguillo.

## Un Castelo con moita historia

"La casa de Monterrey: de señorío gallego a grandeza de España" é o libro co que Agustín Diéguez Delgado recolle unha investigación que abrangue desde o século XIV ao XVIII, cando a Casa quedou agregada á de Alba. O presidente da Deputación, editora do libro, e o alcalde de Monterrei acompañaron ao autor no salón de actos do Parador de Turismo.



## Libro sobre os lagares rupestres

O lagar rupestre de A Salgueira serviu para a presentación do libro "As pedras que facían viño", de Luis e Alejandro Paadín, que cataloga e indaga na tradición vitivinícola da nosa comarca, a partir dos achados arqueolóxicos dos últimos anos. A directora de Turismo, Nava Castro, destacou que este traballo, en tres idiomas (galego, castelán e inglés), "axuda a divulgar o noso patrimonio cultural, material e inmaterial, para que poidamos apreciálo".

# Concello deportivo

## A carreira popular "Monterrei é 10" consolídase como unha das importantes do calendario atlético

Destacados atletas galegos acudiron o pasado 5 de novembro á cita coa Carreira Popular "Monterrei é 10", que con solo catro edicións logrou situarse entre as máis importantes do calendario atlético a nivel autonómico. Participaron case 300 atletas en distintas categorías. A proba senior transcurriu por un circuito de 10 quilómetros homologados pola Real Federación Española de Atletismo.

Alejandro Fernández e María Yolanda Gutiérrez foron os vencedores na categoría absoluta. Fernández, que sería poucos días despois o gañador da carreira popular de San Martiño en Ourense, Impúxose por escasa diferenza a Rubén Diz.



Yolanda Gutiérrez entrou co mesmo rexistro que Sonia Teijeiro, 2ª clasificada. Nicolás Álvarez e María Veiga gañaron a proba de infantil-cadete; Hugo Domínguez e Nerea Iglesias, a de benxamín-alevín; e Héctor Prieto e Lara Martínez, en prebenxamín.



No apartado de seguridade, a organización da proba contou con 25 voluntarios procedentes das agrupacións de Protección Civil de Verín, de Cualeadro-Monterrei, de Laza e da Cruz Vermella de Monterrei.



A clasificación foi absoluta e por categorías e, ademais de trofeos, houbo premios en metálico para o primeiro, segundo e terceiro da carreira absoluta, tanto en masculino como en feminino (Imaxes inferiores).



**IV CARREIRA POPULAR  
CONCELLO DE MONTERREI**  
ALBARELLOS - 5 DE NOVIEMBRE 2017

**MONTERREI é 10**

10 KM HOMOLOGADOS POLA RFEA  
CARREIRAS ESCOLARES

INFORMACIÓN E INSCRIPCIÓN EN  
[WWW.CHAMPIONCHIPNORTE.COM](http://WWW.CHAMPIONCHIPNORTE.COM)



## IV Andaina "Viño de Monterrei"



A Andaina "Viño de Monterrei" é unha invitación a coñecer a riqueza patrimonial e medioambiental do municipio ao longo dos 19 quilómetros de percorrido. A saída e a chegada situáronse na Alameda de Albarellos. Houbo dous puntos de avituallamento e, ao remate da proba, as adegas do concello ofreceron unha



Presentación da andaina na Deputación Provincial

degustación dos seus produtos aos participantes. Tamén se realizaron sorteos de lotes de viño e outros agasallos. Como novidade, a andaina de 2017 ofreceu actividades infantís "para fomentar a participación dos cativos, con propostas deportivas aptas para nenos e para os pais para que as poidesen realizar xuntos",

## IX Marcha BTT de Monterrei



A novena edición da Marcha BTT do Concello de Monterrei ofreceu aos participantes tres posibles rutas: unha longa de 58 quilómetros, unha curta de 36 quilómetros, e un paseo cun percorrido de 18 quilómetros. Participaron un cento de ciclistas de toda Galicia e do Norte de Portugal. O percorrido na ruta longo pasou por Albarellos, Infesta, Paradiña, Guimarei, Flariz, Sandín, A Caridade, Madalena, San Millao, San Cristobó, Medeiros, A Salgueira, para voltar de novo ao punto de saída en Albarellos.

O alcalde, José Luis Suárez, agradeceu a colaboración da Deputación de Ourense, "porque -dixo- sen o seu apoio non poderíamos levar a cabo este tipo de evento". A marcha BTT forma parte das actividades lúdico-deportivas, destinadas a promocionar a vida saudable, a práctica deportiva e á promoción do noso concello.





## X Xuntanza dos nosos maiores

A Xuntanza dos Maires do concello de Monterrei chegou en 2017 á décima edición. Esta festa, que reuniu nos primeiros días de maio, a máis de 500 persoas, contou coa colaboración da Deputación Provincial de Ourense e da Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Familia e Inclusión. Foi un día de reencontros para moitos veciños e veciñas, que disfrutaron da comida e da música na carpa no recinto da fortaleza.



## Voluntarios recopilan antigas costumes e tradicións

Vinte mozos e mozas visitaron casa por casa a unhas 300 persoas maiores de 65 anos de Cualedro e Monterrei para elaborar un estudo sociolóxico a partir das tradicións festivas, a forma de vida, as lendas, as ocupacións, etc, para evitar a perda da cadea de transmisión cultural. Este estudo, promovido polos dous Concellos, coa colaboración da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, desenvolveuse do 25 de agosto ao 15 de outubro de 2017. Tamén se realizou un vídeo promocional que recolle elementos históricos e paisaxísticos de interese, presentado no Castelo de Monterrei.



## Xuntanza Internacional de Gaiteiros

As gaitas primitivas, coa participación de gaiteiros procedentes de Galicia e de países como Irán, Armenia, Italia, Alemaña ou Portugal tiveron especial protagonismo na XXXII edición da "Xuntanza Internacional de Gaiteiros", celebrada no Castelo.



O programa completouse con conferencias, exposicións e actividades de carácter científico. Asemade, houbo unha homenaxe para José María Fernández, Angelo Arribas e Henrique Fernandes, tres gaiteiros do norte de Portugal.

# Reis, cultura e divertimento



A visita dos Reis Magos cargados de agasallos á Casa da Cultura de Albarellos, o 5 de xaneiro, era o momento máis agardado polos nenos e nenas nas pasadas vacacións de Nadal e Aninovo. Pero o programa de actividades organizado polo Concello de Monterrei tivo outras citas de interese, como a Ludoteca infantil, a excursión a Pazolandia, a misa de Nadal na igrexa de Medeiros coa Coral de Verín ou os xa tradicionais concursos de postais e de beléns.



No concurso de postais, os premios corresponderon a Erik Edwards, do CRA Monterrei, e a Raquel Álvarez e María Castro, do CEIP de Medeiros. No concurso de beléns, resultaron agraciados o CRA Monterrei (Aula de Vilaza) e a Asociación de Mulleres Rurais 25 de Xullo, cun premio especial para Pedro Marquina.

